

ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE

Recuperación dos trimestres suspensos

Está programada unha proba telemática para a subida de nota ou a recuperación do exame feito na aula de Límites e Continuidade o pasado 10 de febreiro. Esta proba celebrarase o martes 26 de maio, de 16h a 19h, e será similar á proba presencial realizada na aula,.

Avaliarase conforme aos criterios de corrección a avaliación habituais do Departamento.

Se a nota acadada nela é igual ou superior a 5, e o alumno tiña o dito exame presencial suspenso, este queda recuperado cun 5 (independentemente da cualificación obtida na proba online, dada a imposibilidade de non poder verificar se o alumno recibiu ou non axuda externa)

Se o alumno realiza a proba para subir nota, e a nota acadada supera á nota da proba realizada en tempo presencial, esta verase incrementada nun punto. (En caso contrario, o alumno conservará a nota que tiña).

Outras actividades

Estas actividades consistirán na realización de boletíns de entrega voluntaria.

Boletíns relativos aos contidos de Trigonometría

Os dous boletíns dos temas de Trigonometría corresponden a contidos que se tentaron desenvolver telemáticamente. A puntuación correspondente a estes dous boletíns denotarémola coa letra T, e será a seguinte:

- Se o alumno non entrega ningún dentro do prazo establecido, ou os que entrega teñen mal o 60% ou máis dos exercicios, entón $T=0$.
- Se o alumno entrega en prazo un boletín no que como mínimo o 40% dos exercicios é correcto, e o outro boletín ou non o entrega no prazo convindo, ou ten mal o 60% ou máis dos exercicios, entón $T=0.25$.
- Se o alumno entrega dentro do prazo os dous boletíns e nos dous ten como mínimo o 40% dos exercicios ben, entón $T=0.5$.

Boletíns relativos aos contidos de Límites, Continuidade e Derivabilidade.

Corresponden a contidos totalmente desenvolvidos na aula en tempo presencial (aínda que os contidos de Derivabilidade non chegasen a ser avaliados)

Cada un destes boletíns será cualificado cunha nota numérica do 0 ao 10 sempre que se entregue dentro do prazo establecido (un non entregado en prazo contará como 0).

Ao final da avaliación, calcularase a nota media das puntuacións obtidas en cada un deles. A dita nota denotarémola pola letra B.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL DA AVALIACIÓN ORDINARIA

PROCEDIMENTO PARA O CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL NA AVALIACIÓN ORDINARIA:

A nota final de curso obterase principalmente utilizando os resultados obtidos antes da corentena.

Neste curso deu tempo á realización das seguintes probas presenciais:

- Na primeira avaliación
 - P1: Parcial de Números Complexos
 - P2: Parcial de Álgebra
 - G1: Global
 - R1: Recuperación da primeira avaliación
- Na segunda avaliación
 - P3: Parcial de Límites e Continuidade.*
*Se este exame presencial estaba suspenso, e o alumno na proba telemática do 26 de maio obtén unha puntuación igual ou maior ca 5, entón, $P3=5$.
Se o alumno entrega a proba telemática do 26 de maio cunha nota superior á obtida no exame presencial, entón esta nota P3 incrementase nun punto.

Tendo en conta que nas avaliacións os parciais son un 50% da nota e o global o outro 50%, pero a segunda avaliación quedou a medias, a nota media correspondente á parte presencial, M, calcularase con algunha das dúas seguintes fórmulas (segundo sexa o caso):

- Se o alumno non fixo a recuperación presencial R1 da primeira avaliación, ou aínda que a fixo non mellorou a nota inicial:

$$M=0.20P1+0.20P2+0.4 G1 + 0.20P3$$

- Se o alumno fixo a recuperación da primeira avaliación, e mellorou a nota:

$$M=0.80R1+0.20P3$$

(As ponderacións en ambos cálculos están axustadas para que a todo o mundo, con recuperación ou sen ela, o examen P3 de Límites e Continuidade lle conte un 20% do total).

Adicionalmente a todo o anterior, unha vez rematado o curso, farase o cálculo da nota final, F, incrementándoa coas cualificación obtidas grazas á entrega dos boletíns de actividades voluntarias, B e T, do seguinte xeito:

$$F=M+0.1B+T$$

(É dicir, coa entrega dos exercicios voluntarios a nota final poderá verse incrementada até un máximo de 1.5 puntos)